



XORNADA DE PRESENTACIÓN DA SEMANA UNIVERSITARIA DA ECONOMÍA SOCIAL

19 DE FEBREIRO DE 2020 ás 12H

AULA B. FACULTADE DE CIENCIAS
ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS

A “Red Española Interuniversitaria de Institutos y Centros de Investigación en Economía Social” (ENUIES) e CIRIEC-España acordaron, nunha xuntanza de decembro de 2019, que a última semana do mes de febreiro de cada ano dedicárase á celebración da “Semana Universitaria da Economía Social” .

Así, cada centro está a organizar un conxunto de as actividades, en función dos seus obxectivos, recursos e dispoñibilidade: Conferencias, charlas na aula, mesas redondas de entidades, cinema-fóruns, cafés-faladoiro, exposicións, presentacións de libros, presentacións de resultados de proxectos de investigación, feiras, talleres ou formacións específicas, entre outras.

Desde a rede trátase de xerar sinerxias para a comunicación e o impacto destas actividades, así como entre os centros e investigadores participantes, que estaremos a contribuír a unha acción colectiva que beneficiará ao conxunto da Economía Social e á imaxe que este sector ten no ámbito universitario e na sociedade.

O Centro de Estudos Cooperativos da USC, que forma parte da Red ENUIES, elaborou, coa colaboración da Consellería de Economía, Emprego e Industria, co sector, coa Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais e co profesorado, un conxunto de actividades a desenvolver ao longo desa semana.

Nesta xornada anunciaranse as distintas actividades programadas.

INTERVIRÁN: Covadonga Toca (Secretaria Xeral de Emprego da Xunta de Galicia), Celso Gándara (presidente do Foro Galego pola Economía Social en Galicia), representantes do Reitor e do Decano e a directora do CECOOP, Maite Cancelo.

